

Recadación por tributos

NOTAS EXPLICATIVAS

O obxectivo desta actividade estatística é dar información sobre a recadación de tributos efectuada en Galicia, así como dos recursos ou ingresos tributarios da comunidade e da administración local.

A Constitución Española, nos artigos 137 e 138.1, dispón que os concellos, provincias e comunidades autónomas gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses con amaño ao principio de solidariedade entre todos os españois.

Ademais, segundo o artigo 142: *“as facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente dos tributos propios e da participación nos do Estado e nos das comunidades autónomas”.*

E o artigo 157 engade, *“os recursos das comunidades autónomas estarán constituídos por:*

- a) Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado; recargas sobre impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado.*
- b) Os seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.*
- c) Transferencias dun fondo de compensación interterritorial e outras asignacións con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.*
- d) Rendementos procedentes do seu patrimonio e ingresos de dereito privado.*
- e) O produto das operacións de crédito.”*

Polo que o coñecemento dos ingresos tributarios da nosa comunidade e da administración local, como parte dos recursos financeiros, resulta útil para investigar o seu financiamento.

1. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A administración estatal en Galicia, a administración da comunidade autónoma e a administración local.

Ámbito xeográfico

A Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito temporal

O período de referencia dos resultados é anual.

2. Definicións e aspectos metodolóxicos

A análise da recadación de tributos no ano 2002 resulta profundamente afectada pola repercusión do novo marco orgánico xeral polo que se regulan as competencias financeiras das comunidades autónomas de réxime común, Lei Orgánica 8/1980 de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA) modificada pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro. A Lei 21/2001, do 27 de decembro, regula as medidas fiscais e administrativas deste novo sistema de financiamento.

Este novo marco introduce as seguintes modificacións sobre o sistema anterior:

- Incremento das competencias normativas sobre os tributos xa cedidos e recadados polas comunidades. Estes tributos son en Galicia: o imposto sobre o patrimonio, o imposto sobre sucesións e doazóns, o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e as taxas sobre o xogo.
- Ampliación do marco de cesión tributaria:
 - a) Aumento da porcentaxe de cesión do IRPF que pasa do 30% ao 33%.
 - b) Cesión do 35% da recadación líquida por IVE.
 - c) Cesión do 40% da recadación líquida dos impostos especiais sobre a cervexa, viño e bebidas fermentadas, alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios, hidrocarburos e labores de tabaco.
 - d) Cesión do 100% da recadación líquida do imposto especial sobre a electricidade.
 - e) Cesión completa do imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- Creación dun novo imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos.

Esta lei estivo vixente ata o 1 de xaneiro de 2009, data de entrada en vigor das Leis 3/2009 e 22/2009, do 18 de decembro ambas, polas que se modifica a Lei Orgánica 8/1980 e se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

No artigo 1 da Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión, contéplase a cesión á administración galega dos seguintes tributos:

- Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, na porcentaxe do 50%.

- Imposto sobre o patrimonio.
- Imposto sobre sucesións e doazóns.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- Os tributos sobre o xogo.
- O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, na porcentaxe do 50%.
- O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, na porcentaxe do 58%.
- O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58%.
- O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, na porcentaxe do 58%.
- O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58%.
- O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, na porcentaxe do 58%.
- O imposto especial sobre as labores do tabaco, con carácter parcial, na porcentaxe do 58%.
- O imposto especial sobre a electricidade.
- O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- O imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos.

A difusión da información tributaria na páxina web estrutúrase da seguinte maneira:

- Recadación tributaria do Estado en Galicia.
- Ingresos tributarios da comunidade autónoma.
- Ingresos tributarios da administración local.

Recadación tributaria do Estado en Galicia

Dentro da recadación tributaria do Estado en Galicia inclúense os datos de recadación efectuadas polas delegacións da Agencia Estatal de la Administración Tributaria polos seguintes tributos non cedidos:

Capítulo I: Impostos directos:

- Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- Imposto sobre sociedades.
- Imposto sobre a renda dos non residentes.

Capítulo II: Impostos indirectos:

- Imposto sobre o valor engadido (IVE).
- Impostos especiais (IIEE).
- Imposto sobre primas de seguros.
- Tráfico exterior.
- Cotización e exacción de azucre e isoglicosa.

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma

Dentro dos ingresos tributarios da Comunidade Autónoma pódese distinguir entre tributos propios, tributos cedidos, recargas sobre tributos estatais e taxas afectas a servizos traspasados.

A Constitución Española sinala que as comunidades autónomas poden establecer tributos propios e recargas sobre tributos estatais, e a LOFCA regula as condicións nas que poden exercer dita potestade. No primeiro caso a potestade autonómica límitase a feitos impositivos non gravados polo Estado, e no segundo aos impostos susceptibles de cesión, agás o que recae sobre as vendas polo miúdo. No IVE e nos IIEE a posibilidade de establecer recargas queda tamén limitada ás comunidades con competencia normativa sobre os tipos de gravame.

As taxas afectas aos servizos traspasados ás comunidades autónomas convértense en tributos propios e constitúen outro mecanismo de financiamento das mesmas.

Os tributos propios e as recargas sobre tributos estatais de Galicia son:

Capítulo II: Impostos indirectos:

- Tributación autonómica sobre o xogo.
- Imposto sobre a contaminación atmosférica.
- Imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

Capítulo III: Taxas e outros ingresos:

- Taxas administrativas.
- Canon de saneamento.

Son tributos cedidos aqueles establecidos e regulamentados polo Estado e nos que se cede o seu rendemento á correspondente comunidade autónoma. Esta cesión pode ser total ou parcial. A cesión é total cando se cede a recadación producida no territorio autonómico correspondente á totalidade dos feitos impositivos do tributo de que se trate. A cesión é parcial cando se ceden so algúns dos feitos impositivos ou unha parte da recadación correspondente ao tributo.

Nestes tributos cedidos, o Estado pode delegar nas comunidades autónomas competencias normativas, de xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión, cesión que non será aplicable ao IVE e aos IIEE de fabricación (non incluíndo o de electricidade nin o de determinados

medios de transporte), que seguirán a ser exclusivamente de competencia estatal mentres o esixa o cumprimento da normativa sobre harmonización fiscal da Unión Europea. No caso do IRPF, aínda que a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión sexa realizada polo Estado, si se ceden competencias normativas en materia de tarifa e deducións de cota.

Como consecuencia, os ingresos por tributos cedidos divídense en ingresos por tributos cedidos xestionados pola comunidade (o total do importe da recadación líquida efectuada pola comunidade) e ingresos por tributos cedidos xestionados polo Estado (porcentaxe cedida do conxunto de ingresos líquidos da facenda estatal).

Ingresos por tributos cedidos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia:

Capítulo I: Impostos directos:

- Imposto sobre o patrimonio.
- Imposto sobre sucesións e doazóns.

Capítulo II: Impostos indirectos:

- Imposto sobre transmisións patrimoniais.
- Impostos sobre actos xurídicos documentados.

Capítulo III: Taxas e outros ingresos:

- Taxas sobre o xogo.

Ingresos por tributos cedidos a Galicia e xestionados polo Estado:

Capítulo I: Impostos directos:

- Tarifa autonómica do IRPF.

Capítulo II: Impostos indirectos:

- Imposto sobre o valor engadido (IVE).
- Impostos especiais:
 - a) Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas.
 - b) Imposto sobre a cervexa.
 - c) Imposto sobre o viño e bebidas fermentadas.
 - d) Imposto sobre las labores del tabaco.
 - e) Imposto sobre hidrocarburos.
 - f) Imposto sobre determinados medios de transporte.
 - g) Imposto sobre produtos intermedios.
 - h) Imposto sobre a electricidade.
- Imposto retalista de hidrocarburos.

Para determinar en que territorio se produciu o rendemento afecto á cesión ás comunidades autónomas, considéranse os seguintes criterios:

- a) Nos tributos de natureza persoal utilízase o domicilio fiscal dos suxeitos pasivos, agás no gravame de adquisicións por causa de morte, que depende do domicilio do causante.
- b) Cando o tributo cedido grava o consumo prima o lugar onde se realiza o dito consumo que se determina, ben segundo o lugar do establecemento do vendedor ou ben en función do consumo calculado sobre unha determinada base estatística.
- c) Se o tributo cedido grava operacións inmobiliarias, o criterio é o lugar onde radique o inmovible.
- d) Nas operacións documentais utilízase o domicilio do notario autorizante.

Ingresos tributarios da administración local

Por último, no epígrafe de ingresos tributarios da administración local, estarán os ingresos por tributos propios e as recargas sobre os impostos da comunidade autónoma ou de outras entidades locais, distinguindo entre os ingresos tributarios dos concellos e os das deputacións provinciais.

A Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, ao establecer o réxime financeiro local, sinala que a súa potestade para fixar tributos limitarase a gravar feitos, gastos, rendementos, actividades, transmisións, etc., realizados, nados ou cumpridos no territorio da respectiva entidade local. Ademais, tampouco han de supor obstáculo algún para a libre circulación de persoas, mercancías, capitais, nin deberán afectar á fixación da residencia das persoas ou asentamento das empresas e capitais dentro do territorio español.

As características e os procedementos do sistema impositivo municipal están definidos no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aínda que as leis dos orzamentos xerais do Estado de cada ano poden modificar algúns dos seus elementos.

Os tributos propios dos concellos son:

Capítulo I: Impostos directos:

- Imposto sobre bens inmobles.
- Imposto sobre actividades económicas.
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Capítulo II: Impostos indirectos:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Capítulo III: Taxas e outros ingresos:

- Taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia ou pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público municipal.

- Contribucións especiais pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais.

Aos concellos que sexan capitais de provincia, da comunidade autónoma ou que teñan unha poboación igual ou superior a 75.000 habitantes cederánselles, ademais, as seguintes porcentaxes dos rendementos que non fosen obxecto de cesión ás comunidades autónomas:

- O 2,1336% da cota líquida estatal do IRPF dos residentes no territorio do municipio.
- O 2,3266% da recadación líquida do IVE imputable a cada municipio.
- O 2,9220% da recadación líquida imputable a cada municipio polos impostos especiais sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre as labores do tabaco.

Por outra banda, os recursos tributarios das deputacións provinciais son:

Capítulo I: Impostos directos:

- Recargo sobre o imposto de actividades económicas.

Capítulo III: Taxas e outros ingresos:

- Taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia ou pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial.
- Contribucións especiais pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos.

Ás provincias cederánselles as seguintes porcentaxes dos rendementos obtidos nos seguintes impostos estatais:

- O 1,2561% da cota líquida estatal do IRPF producido no seu territorio.
- O 1,3699% da recadación líquida do IVE imputable a cada provincia.
- O 1,7206% da recadación líquida imputable a cada provincia polos impostos especiais sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre as labores do tabaco.

O criterio de medida utilizado para dar a información dos tributos é o denominado **de caixa ou de recadación líquida**. Esta é unha medida de natureza contable que se obtén como diferenza entre a recadación bruta aplicada e as devolucións pagadas. A natureza "aplicada" quere dicir que o criterio temporal de rexistro é o de aplicación dos ingresos correspondentes ao orzamento. Inclúe os ingresos do orzamento corrente e dos exercicios pechados.

Definicións

Tributo: é unha prestación pecuniaria que o Estado ou outro ente público (suxeito activo ou receptor) esixe a alguén (suxeito pasivo) por un feito imponible no uso do poder que lle atribúen a Constitución e as leis de quen a elas está sometido.

O suxeito pasivo é toda aquela unidade económica coa obriga de contribuír; pode ser nacional, estranxeira, persoa física ou xurídica, ente privado ou público.

Os tributos clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos.

Taxas: son aqueles tributos nos que o feito imponible consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, na prestación de servizos ou realización de actividades en réxime de dereito público que se refira, afecten ou beneficien de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das seguintes circunstancias:

- Que os servizos ou actividades non sexan de solicitude voluntaria polos administrados.
- Que non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

Contribucións especiais: son aqueles tributos nos que o feito imponible consiste na obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou incremento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos.

Impostos: son tributos esixidos sen contraprestación, nos que o feito imponible está constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñen de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio, a circulación de bens ou a adquisición ou gasto da renda. De acordo a súa natureza económica os impostos clasifícanse en:

- Impostos directos: cando gravan a posesión dun patrimonio ou a obtención de renda, en canto reflicten directamente a capacidade económica do individuo.
- Impostos indirectos: os que someten a tributación manifestacións mediatas ou indirectas de capacidade económica, como ocorre coa circulación ou o consumo da riqueza.

Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF): é un tributo de carácter directo e natureza persoal que grava, segundo os principios de igualdade, xeneralidade e progresividade, a renda das persoas físicas de acordo coas súas circunstancias familiares e persoais. Constitúe o obxecto deste imposto a renda do contribuínte, entendida como a totalidade dos seus rendementos, ganancias e perdas patrimoniais, así como as imputacións de renda que se establezan por lei. O IRPF aplícase en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades normativas das que gozan o País Vasco e Navarra en base aos seus réximes tributarios especiais, Canarias, Ceuta e Melilla.

Dende a reforma tributaria acaecida no ano 1978, o modelo do imposto foi obxecto de diversos cambios de maior ou menor envergadura. Un dos máis importantes tivo lugar en 1980 coa entrada en vigor da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, polo que se estableceu a cesión parcial do imposto ás administracións autonómicas e, un ano despois, en 1981, cando no Estatuto de Autonomía de Galicia se concretou o alcance da dita cesión na nosa comunidade. En termos xerais, esta consistiu no desdoblamento da tarifa de tributación xeral do imposto nunha parte estatal e outra autonómica, a aplicar sobre as rendas dos contribuíntes que teñan a súa residencia habitual no territorio galego, ademais da atribución de competencias normativas sobre o cálculo da escala autonómica aplicable á base liquidable xeral, o importe dos mínimos persoal e familiar no cálculo do gravame autonómico e as deducións na cota íntegra autonómica. As leis 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común, e 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, modificaron algúns dos aspectos do alcance e condicións da cesión. O máis salientable foi a elevación progresiva da tarifa autonómica do imposto ata equiparala á estatal, o que en termos monetarios se materializou nun incremento progresivo da recadación que vai parar ás arcas autonómicas: comezou sendo do 15%; no 2002 subiu ata o 33% e, dende 2010, a Comunidade Autónoma galega ten dereito a percibir ata o 50% do rendemento total do IRPF en Galicia.

Para unha información máis detallada do imposto, pódese consultar a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.

Imposto sobre sociedades: é un tributo de carácter directo, proporcional e natureza persoal que grava a renda das sociedades e demais entidades xurídicas que teñan a súa residencia no Estado español. O imposto sobre sociedades aplícase en todo o territorio, sen prexuízo das especificidades normativas das que gozan o País Vasco e Navarra en base aos seus réximes tributarios especiais. Ademais, a efectos do imposto, intégranse dentro do territorio español aquelas zonas adxacentes ás augas territoriais sobre as que España poida exercer os dereitos que lle correspondan, referidos ao chan ou ao subsolo mariño e aos seus recursos naturais.

O actual modelo do imposto data, ao igual que no caso do IRPF, da reforma tributaria que tivo lugar en 1978. Neste ano foi aprobada a Lei 61/1978, do 27 de decembro, do Imposto sobre Sociedades, que sería modificada substancialmente 17 anos despois pola Lei 43/1995, do 27 de decembro. As causas que motivaron a reforma do imposto en 1995 tiveron que ver coa reforma levada a cabo anos antes no IRPF e na lexislación mercantil, á apertura da nosa economía aos fluxos de capitais transfronteirizos e á evolución dos sistemas tributarios nos países veciños. Tempo despois, tamén a esta lei sobrevirían varias modificacións, entre elas a creación en 1999 do imposto sobre a renda de non residentes que grava rendementos antes contemplados no

ámbito do imposto de sociedades. Outros cambios que afectaron á evolución da serie anual dos datos foron os seguintes:

- A Lei 12/96 que cambiou a normativa dos pagos fraccionados, quedando obrigadas as grandes empresas a ingresar os pagos en función da base imponible do ano en curso; isto implica un incremento na recadación a partir de 1997.
- A partir do ano 2002 existe unha nova dedución en cota por reinvestimento de beneficios extraordinarios (o réxime transitorio e voluntario para as plusvalías pendentes), o que supón un adianto dos ingresos.

Para unha información máis detallada do imposto, pódese consultar o Real Decreto Legislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades.

Imposto sobre a renda dos non residentes: é un tributo de carácter directo que grava a renda obtida en territorio español polas persoas físicas e entidades non residentes no mesmo. Este imposto será de aplicación en todo o territorio español, con atención ás especificidades propias dos réximes tributarios forais vixentes no País Vasco e Navarra, e á normativa específica en materia de tributos das Illas Canarias, Ceuta e Melilla. O tributo que nos ocupa entrou en vigor en 1999 pola Lei 41/1998, do 9 de decembro. A súa creación respondeu á necesidade de configurar unha norma que regulase, de forma unitaria, a tributación dos non residentes nos impostos sobre a renda e sobre sociedades, habida conta da crecente internacionalización das relacións económicas de España cos seus socios europeos.

Para unha información máis detallada do imposto, pódese consultar o Real Decreto Legislativo 5/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre a Renda dos non Residentes.

Imposto sobre o patrimonio: é un tributo de carácter directo e persoal que grava o patrimonio neto das persoas físicas, isto é, o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexa titular, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das que deba responder. O imposto sobre o patrimonio aplícase en todo o territorio, sen prexuízo das especificidades normativas das que gozan o País Vasco e Navarra en base aos seus réximes tributarios especiais.

O rendemento do imposto xerado no territorio galego está cedido na súa totalidade á nosa comunidade autónoma dende 1984. Ademais, dispónse de competencias normativas no que a mínimo exento, tipo de gravame, deducións e bonificacións sobre a cota se refire.

A imposición sobre o patrimonio en España introduciuse no ano 1978 coa Lei 50/1977, do 14 de novembro, de Medidas Urxentes de Reforma Fiscal (desenvolvida pola Orde Ministerial do 14 de xaneiro de 1978 que estableceu o Imposto Extraordinario sobre o Patrimonio das Persoas Físicas). Dende o seu inicio, a súa transcendencia a efectos recadatorios foi escasa, pois a

normativa do imposto establecía un mínimo exento moi elevado; naquel entón, só debían tributar as persoas físicas cuxo patrimonio excedese os 4.000.000 de pesetas. O dito mínimo foi cambiando cos anos; de feito, as sucesivas modificacións das características do imposto coincidiron no tempo coas reformas das leis do IRPF. Na Comunidade Autónoma galega o mínimo exento sitúase nos 108.200€; ademais, no caso de que o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade psíquica, física ou sensorial cun grao igual ou superior ao 65%, o mínimo exento ascende aos 216.400€.

Para unha información máis detallada do imposto, pódese consultar a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio.

Imposto sobre sucesións e doazóns: é un tributo de carácter directo e natureza subxectiva que completa a tributación directa en España; grava de forma progresiva os incrementos de patrimonio obtidos a título lucrativo polas persoas físicas (herdanzas, legados ou calquera outro título sucesorio; doazóns entre vivos; percepcións obtidas polos beneficios de seguros de vida, etc.). O imposto sobre sucesións e doazóns esíxese en todo o territorio español, sen prexuízo do disposto nos Réximes Tributarios Forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e Navarra. Trátase dun imposto cuxo rendemento foi cedido na súa totalidade á Comunidade Autónoma galega. A dita cesión tivo lugar no ano 1984, e veu acompañada, ademais, da atribución de competencias normativas sobre as reducións a aplicar na base imponible, a tarifa do imposto, e as deducións e bonificacións sobre a cota tributaria, entre outras cousas.

A implantación deste tributo en España, tal e como se coñece na actualidade, tivo lugar logo da publicación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns. Esta disposición constitúe dende entón o marco normativo de referencia na xestión do dito imposto, aínda que foi obxecto de varias revisións, que non afectaron aos dous principios que inspiraron a súa creación: o carácter gratuíto da adquisición patrimonial e o grao de parentesco entre transmitente e adquirente. Trátase, na realidade, dun tributo que condensa dúas figuras impositivas: as transmisións *mortis causa* no caso das sucesións, e *inter vivos* no caso das doazóns. Con anterioridade á reforma do 87 ambos tributos considerábanse por separado.

Para un coñecemento máis detallado das características do imposto sobre sucesións e doazóns pode consultarse a normativa mencionada e a Lei 9/2008, do 28 de xullo, de medidas tributarias en relación co Imposto sobre Sucesións e Doazóns. Na mesma concréntanse as reducións a aplicar na base imponible do tributo no territorio galego.

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: é un tributo de natureza indirecta que grava:

- As transmisións patrimoniais onerosas, isto é, transaccións non gratuítas *inter vivos* de toda clase de bens e dereitos que integran o patrimonio das persoas físicas e xurídicas; a constitución de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, pensións e concesións

administrativas; as adxudicacións en pago ou para o pago de débedas, as adxudicacións expresas para asumir débedas do transmitente, os excesos de adxudicacións declarados, os expedientes de dominio, as actas de notoriedade e a constitución de condicións resolutorias explícitas.

- Operacións societarias, é dicir, a constitución de sociedades, o aumento ou diminución do seu capital social, a disolución de sociedades, as achegas que efectúan os socios aínda que non supoñan un aumento do capital social, o traslado a España da sede da dirección ou o domicilio social dunha sociedade non instalada previamente nun país UE.
- Os actos xurídicos documentados: os documentos notariais (por exemplo, as escrituras públicas, as actas, testemuños, etc.), os documentos mercantís (por exemplo, as letras de cambio, comprobantes de depósito, billetes de empréstito, bonos, obrigacións, etc.), os documentos administrativos e xudiciais (por exemplo, as anotacións preventivas de embargo, a transmisión e rehabilitación de títulos nobiliarios e anotacións preventivas), etc.

Os suxeitos obrigados ao pagamento deste imposto son os adquirentes no caso das transmisións patrimoniais, a sociedade obxecto das operacións societarias ou ben os seus propietarios no caso das disolucións e reducións de capital, e as persoas que soliciten ou a favor de quen se expidan os documentos notariais e administrativos; no caso das letras de cambio estará obrigado ao pago do imposto o librador e, nos demais documentos mercantís, as persoas ou entidades que os expidan. O imposto sobre actos patrimoniais e actos xurídicos documentados esíxese en todo o territorio español, sen prexuízo do disposto nos Réximes Tributarios Forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e Navarra. Trátase dun imposto cuxo rendemento foi cedido na súa totalidade á Comunidade Autónoma galega. A dita cesión tivo lugar entre os anos 1984 e 1988, e veu acompañada, ademais, da atribución de competencias normativas sobre os tipos de gravame, as deducións e bonificacións sobre a cota tributaria. Tamén se contempla a asunción de competencias nas tarefas de xestión e liquidación do imposto.

Para un coñecemento máis detallado das características do imposto pode consultarse o Real Decreto 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

Imposto sobre o valor engadido (IVE): é un tributo de natureza indirecta que recae sobre o consumo e grava as entregas de bens e prestación de servizos realizadas por empresarios e profesionais, as adquisicións intracomunitarias e as importacións de bens. O ámbito espacial de aplicación deste imposto é todo o territorio español, con inclusión das Illas Baleares (non así das Canarias, onde o consumo non é gravado por medio do IVE, senón doutro imposto existente nestas illas), o mar territorial ata o límite das 12 millas náuticas e o espazo aéreo correspondente ao dito ámbito. No País Vasco e Navarra existen algunhas especificidades a ter en conta na xestión do dito imposto, en virtude dos réximes tributarios especiais vixentes nestes territorios e os concertos e convenios económicos asinados entre a Administración Tributaria Xeral e as susoditas comunidades autónomas. Os suxeitos obrigados ao ingreso do imposto nas arcas

públicas son os empresarios ou profesionais que realicen a entrega dos bens, a prestación dos servizos ou a importación das mercadorías. Agora ben, a lei estipula que os suxeitos pasivos do imposto deben repercutilo integramente sobre as persoas a favor das cales se realicen as susoditas entregas e importacións que, en última instancia, somos os consumidores; de aí que se considere un tributo que grava o consumo. Trátase dun imposto proporcional, cuxo tipo impositivo xeral actualmente se sitúa no 21%; non obstante, o consumo dalgunhas categorías de bens, especialmente alimentos e servizos relacionados coa vivenda, están gravados cun tipo reducido, do 10%, e os considerados de primeira necesidade para o ser humano, cun tipo súper reducido do 4%.

O imposto sobre o valor engadido foi introducido en España no ano 1986, coa entrada do país na Comunidade Económica Europea (CEE), e veu substituír a un tributo anterior, o imposto sobre o tráfico de empresas, que gravaba feitos impositivos similares aos que son competencia na actualidade do IVE. A evolución normativa do tributo no noso país foi obxecto de sucesivas modificacións co paso dos anos; a principal e máis importante ata o de agora tivo lugar en 1992, cando o tributo foi obxecto dunha reforma a escala comunitaria para adaptalo ás necesidades da libre circulación de mercadorías no seo da UE. Deste ano data a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, que segue a ser o referente normativo no que a este tributo se refire. Agora ben, no estudo dos datos anuais do IVE hai que ter en conta as seguintes modificacións introducidas na citada lei que afectaron, especialmente, aos tipos impositivos do tributo:

- O tipo xeral foi do 12% no período 1986-1991, entre xaneiro e agosto de 1992 do 13%, do 15% ata finais de 1994 e do 16% dende 1995.
- Ata 1993 existiu un tipo impositivo incrementado, do 33% entre 1986 e 1991 e do 28% en 1992, que gravaba a adquisición de bens de luxo (principalmente obxectos suntuosos, xoias e vehículos de gama alta); desaparece en 1993 coa introdución do imposto especial sobre determinados medios de transporte, pasando a tributar parte das mercadorías que antes tributaban ao tipo incrementado polo novo imposto, e a parte que queda fóra do seu ámbito ao tipo xeral do IVE.
- O tipo reducido do imposto foi do 6% entre 1986 e 1994 e do 7% dende 1995.
- O tipo súper reducido creouse no ano 1993; quedou fixado no 3% ata 1994. A partir de xaneiro de 1995 é do 4%.

En setembro de 2012 produciuse a maior suba dos tipos impositivos do IVA dende que se grava o consumo en España por medio deste tributo, quedando fixados o xeral no 21% e o reducido no 10%. O súper reducido non se veu modificado.

Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, a recadación deste imposto foi cedida de forma parcial á administración galega, nunha contía inicial do 35%, que na actualidade aumentou ao 50%. No

referido ás competencias normativas sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, o Estado resérvase todos os dereitos.

Para un coñecemento máis detallado das características do imposto pode consultarse a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Impostos especiais (IIEE): son tributos de natureza indirecta que recaen sobre o consumo de bens e servizos específicos e que gravan a fabricación, importación e, no seu caso, introdución no ámbito territorial interno destes bens, así como a matriculación de determinados medios de transporte e a posta a consumo de carbón. Comprenden os impostos especiais sobre a fabricación (sobre o alcohol e as bebidas derivadas -cervexa, viño e bebidas fermentadas, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas-, sobre as labores do tabaco, sobre hidrocarburos e sobre a electricidade), o imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto especial sobre o carbón.

Os impostos especiais constitúen, xunto co imposto sobre o valor engadido (IVE), as figuras básicas da imposición indirecta en España. A súa xustificación estriba en que o consumo dos bens que son obxecto destes impostos xera uns custos sociais, custos que non son tidos en conta á hora de fixar os seus prezos de compra. De aí a necesidade de gravar este tipo de consumo, ademais de co tipo xeral do IVE, cunha figura impositiva específica que, ademais de cumprir unha función recadatoria, xogue un papel dentro das políticas sanitarias, enerxéticas, de transportes e do medio ambiente. Algúns destes tributos xa existían antes da entrada de España na Comunidade Económica Europea. Non obstante, a adhesión ao mercado común obrigou a modificar boa parte da normativa que os regulaba, co obxecto de adaptar o anterior modelo de recadación, baseado na realización de axustes fiscais nas fronteiras dos países, a un novo contexto sen fronteiras interiores e ao marco normativo comunitario. Desta maneira, no ano 1993 entrou en vigor a Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais, que veu a substituír á Lei 45/1985, do 23 de decembro, e que constitúe dende entón a principal disposición a nivel interno no que á ordenación da fiscalidade especial se refire.

Imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo dos seguintes produtos:

- Todos os produtos cun grao alcohólico volumétrico adquirido superior a 1,2% vol., clasificados nos códigos 2207 e 2208 da nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común (en adiante Nomenclatura Combinada ou NC), incluso cando os ditos produtos formen parte dun produto clasificado nun capítulo distinto do 22.
- Os produtos clasificados nos códigos NC 2204, 2205 e 2206, cun grao alcohólico volumétrico adquirido superior ao 22% vol.
- O alcohol que conteña produtos sólidos ou outros produtos vexetais en solución.

O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas esíxese en todo o territorio español, a excepción de Ceuta e Melilla, e con inclusión das Illas Canarias. Os obrigados ao ingreso dos importes deste imposto son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedeuse ás comunidades autónomas unha parte da recadación líquida deste imposto producida nos seus respectivos territorios; na actualidade a porcentaxe da cesión ascende ao 58%. O Estado resérvase todas as competencias normativas sobre este imposto.

Para un coñecemento máis detallado das características deste tributo pode consultarse o capítulo VI, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre a cervexa: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo de cervexa e os produtos constituídos por mesturas de cervexa con bebidas analcohólicas, cando o seu grao alcohólico volumétrico adquirido sexa superior a 0,5% vol. (clasificados no código NC 2203). Esíxese en todo o territorio español, a excepción de Ceuta e Melilla, e con inclusión das Illas Canarias. Os obrigados ao ingreso dos importes deste imposto son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedeuse ás comunidades autónomas unha parte da recadación líquida do imposto especial sobre a cervexa producida nos seus respectivos territorios; na actualidade a porcentaxe da cesión ascende ao 58%. O Estado resérvase todas as competencias normativas sobre este imposto.

Para un coñecemento máis detallado das características deste tributo pode consultarse o capítulo III, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo de viños tranquilos, espumosos, bebidas fermentadas tranquilas e espumosas (no artigo 27 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, especificase con detalle que tipo de bebidas da nomenclatura combinada se integran dentro do seu ámbito). O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas esíxese en todo o territorio español, a excepción das Illas Canarias, Ceuta e Melilla. Os obrigados ao ingreso dos importes son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedeuse ás comunidades autónomas unha parte da recadación líquida do tributo producida nos seus respectivos territorios; na actualidade a porcentaxe da cesión ascende ao 58%. O Estado resérvase todas as competencias normativas sobre este imposto.

Para un coñecemento máis detallado das características do tributo pode consultarse o capítulo IV, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre produtos intermedios: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo de determinados produtos de gradación alcohólica comprendida entre 1,2% vol. e 22% vol., non comprendidos dentro do ámbito dos impostos especiais sobre a cervexa e sobre o viño e as bebidas fermentadas. Esíxese en todo o territorio español, a excepción de Ceuta e Melilla, e con inclusión das Illas Canarias. Os obrigados ao ingreso dos importes deste imposto son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedeuse ás comunidades autónomas unha parte da recadación líquida do imposto especial sobre produtos intermedios producida nos seus respectivos territorios; na actualidade a porcentaxe da cesión ascende ao 58%. O Estado resérvase todas as competencias normativas sobre este imposto.

Para un coñecemento máis detallado das características do tributo pode consultarse o capítulo V, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre hidrocarburos: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo de combustibles e aceites minerais, de hidrocarburos e os produtos derivados da súa transformación (gasolinas, gasóleos, fuelóleos, GLP, metano, queroseno, etc.). Unha das principais características deste tributo é que establece distintos tipos de gravame para os produtos suxeitos segundo o uso que se faga deles: como carburante para ser utilizado como combustión en vehículos de motor; como combustible para ser utilizado en calefacción; ou na fabricación doutros produtos. Ademais, o tipo de gravame divídese nunha tarifa estatal e outra autonómica; a súa vez, a tarifa estatal xorde de agregar un tipo de gravame xeral e outro especial. A lei tamén establece unha serie de situacións nas que o contribuínte pode esixir á administración tributaria a devolución das cotas satisfeitas. O imposto especial sobre hidrocarburos esíxese en todo o territorio español, a excepción das Illas Canarias, Ceuta e Melilla. Os obrigados ao ingreso dos importes tributarios son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedeuse ás comunidades autónomas unha parte do rendemento derivado do tipo estatal xeral (na actualidade o 58%) e o 100% do rendemento derivado do tipo estatal especial producidos ambos nos territorios autonómicos. Tamén se cedeu a totalidade do rendemento derivado do tipo autonómico. O Estado resérvase todas as competencias normativas, pero permite ás comunidades autónomas a determinación dos tipos de gravame autonómicos aplicables a certos produtos.

Na Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 dispónse que, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, o imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos pase a formar parte do imposto especial sobre hidrocarburos.

Para un coñecemento máis detallado das características deste tributo pode consultarse o capítulo VII, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre as labores do tabaco: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo de cigarros, picadura para liar e os demais tabacos para fumar. Esíxese en todo o territorio español, a excepción das Illas Canarias, Ceuta e Melilla. Os obrigados ao ingreso dos importes deste imposto son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedéuse ás comunidades autónomas unha parte da recadación líquida do imposto especial sobre as labores do tabaco producida nos seus respectivos territorios; na actualidade a porcentaxe da cesión ascende ao 58%. O Estado resérvase todas as competencias normativas.

Para un coñecemento máis detallado das características do tributo pode consultarse o capítulo VIII, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre a electricidade: é un imposto especial de fabricación, que grava o consumo de enerxía eléctrica. O imposto especial sobre a electricidade esíxese en todo o territorio español, con inclusión das Illas Canarias, Ceuta e Melilla. Os obrigados ao ingreso dos importes deste imposto son os encargados da fabricación e/ou importación dos produtos suxeitos, os cales os deberán repercutir aos adquirentes finais ou consumidores dos bens. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedéuse ás comunidades autónomas a recadación líquida do imposto especial sobre a electricidade producida nos seus respectivos territorios. O Estado resérvase todas as competencias normativas.

Para un coñecemento máis detallado das características do tributo pode consultarse o capítulo IX, do título I, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre o carbón: trátase dun tributo especial de nova creación (data do ano 2005), introducido por esixencias de adaptación ás directivas europeas. Constitúe o feito imponible do imposto a posta a consumo de carbón e os seus derivados no ámbito territorial español, con excepción das Illas Canarias, Ceuta e Melilla; máis concretamente, a posta a consumo de produtos comprendidos nos códigos 2701, 2702, 2704, 2708, 2713 e 2714 da Nomenclatura Combinada europea. Os suxeitos obrigados ao ingreso das cotas tributarias serán os produtores ou extractores, importadores ou adquirentes intracomunitarios de carbón, así como os empresarios revendedores que realicen as vendas ou operacións de autoconsumo suxeitas ao imposto. Agora ben, estes deberán repercutir o gravame sobre os consumidores finais de carbón. Non obstante, a lei contempla un bo número de supostos de non suxeición e actividades exentas do pago, entre elas a posta a consumo de carbón para a produción de enerxía eléctrica (un dos seus usos máis habituais), polo que, na práctica, este imposto terá un efecto recadatorio moi limitado.

Para un coñecemento máis detallado das características do imposto especial sobre o carbón pode consultarse o título III, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto especial sobre determinados medios de transporte: é un imposto especial que grava a primeira matriculación definitiva en España de vehículos automóbiles, novos ou usados, provistos de motor para a súa propulsión (están exentos do pago os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros –de máis de 8 prazas- ou mercadorías, os ciclomotores, os vehículos para persoas con mobilidade reducida, entre outros; consultar o artigo 65 da Lei 38/1992); embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos, novos ou usados de máis de 8 metros de eslora; avións, avionetas e demais aeronaves, novas ou usadas, provistas de motor mecánico. Este imposto grava a primeira matriculación de medios de transporte en territorio español, incluíndo dentro del as Illas Canarias, Ceuta e Melilla. Coa entrada en funcionamento no ano 2002 do novo modelo de financiamento autonómico, cedeuse ás comunidades autónomas a totalidade da recadación líquida por este imposto producida nos seus respectivos territorios. A Agencia Estatal de la Administración Tributaria resérvase a totalidade das competencias normativas; non obstante, a lei ofrece ás administracións autonómicas a posibilidade de incrementar os tipos de gravame a aplicar sobre determinados medios nun 15% como máximo.

Para un coñecemento máis detallado das características deste tributo pode consultarse o título II, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, dos Impostos Especiais.

Imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos: é un imposto indirecto que recae sobre o consumo de hidrocarburos (gasolinas, gasóleo, fuelóleo e queroseno) gravando en fase única as vendas polo miúdo destes hidrocarburos. Os rendementos derivados deste imposto quedarán afectados na súa totalidade ao financiamento de gastos de natureza sanitaria. Non obstante, a parte dos recursos derivados dos tipos de gravame autonómicos poderá dedicarse a financiar actuacións ambientais.

O imposto foi creado pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. Na Lei 2/2012, de 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 dispónse que, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, o imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos pase a integrarse no imposto especial sobre hidrocarburos.

Imposto sobre primas de seguro: é un tributo de natureza indirecta que grava as operacións de seguro e capitalización (agás plans e fondos de pensións, seguros de vida, de crédito á exportación, asistencia sanitaria, etc.).

Foi creado pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.

Tráfico exterior: é un imposto indirecto que grava o tráfico exterior de mercancías–importación e exportación- e que se regula mediante o arancel de aduanas. Ata o ano 1986 era renda de aduanas pero a integración de España na Comunidade Económica Europea esixiu adecuar a lexislación nacional en materia de unión aduaneira ás normas do dereito privado vixentes na comunidade.

Taxas sobre o xogo: é un tributo que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar, ou de rifas, tómbolas e combinacións aleatorias.

Este imposto foi cedido á comunidade galega no ano 1984; actualmente dispónse de competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

Tributación autonómica sobre o xogo: regulada na Lei 7/1991, do 19 de xuño, de Tributación sobre o Xogo, comprende o imposto sobre o xogo do bingo e a recarga sobre a taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias. A Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión derogou a recarga sobre a taxa fiscal.

Imposto sobre o xogo do bingo: é un imposto indirecto propio da Comunidade Autónoma de Galicia. Constitúe o feito impositivo deste tributo a participación no xogo do bingo nos locais onde se celebre ou organice. Foi creado pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, de Tributación sobre o Xogo e modificado pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Gravame sobre a contaminación atmosférica: é un imposto indirecto propio da Comunidade Autónoma de Galicia que recaerá sobre as emisións de focos situados dentro do ámbito territorial da comunidade autónoma. Constitúe o feito impositivo a emisión á atmosfera de calquera das seguintes substancias:

- Dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre.
- Dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

Foi creado pola Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica.

Imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada: é un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de natureza real e finalidade extrafiscal, que somete a gravame o dano medioambiental causado pola realización de determinadas actividades que utilizan auga encorada. Constitúe o feito impositivo a realización de actividades industriais mediante o uso ou aproveitamento da auga encorada, cando o dito uso ou aproveitamento altere ou modifique substancialmente os valores naturais dos ríos e, en especial, o caudal e velocidade da auga na súa canle natural.

Foi creado pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos ou aproveitamentos da auga encorada.

Canon de saneamento: é un tributo propio de Galicia que grava a produción de vertidos de augas e produtos residuais realizados directa ou indirectamente polos usuarios domésticos e industriais de auga, e susceptibles de contaminar as augas continentais ou marítimas. En todo caso, enténdese realizado o feito imponible polo consumo ou pola realización potencial ou real da auga de calquera procedencia.

Foi creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, que estivo vixente ata o 18 de decembro de 2010, data de entrada en vigor da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia. No Decreto 136/2012, do 31 de maio, apróbase o Regulamento do canon da auga e o coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Imposto sobre bens inmobles (IBI): é un imposto de ámbito municipal, directo, de carácter real que grava a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos polos que estean afectados.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufruto.
- Do dereito de propiedade.

Foi creado pola Lei 39/1988, do 28 de decembro. Entrou en vigor en 1990 substituindo ás contribucións territoriais urbana, rústica e pecuaria.

Imposto sobre actividades económicas: é un imposto de ámbito municipal, directo, de carácter real, cuxo feito imponible está constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, independentemente de que se exerzan ou non nun determinado local ou de que se atopen especificadas nas tarifas do imposto.

Para os efectos deste tributo, considéranse actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, e non constitúen feito imponible polo imposto ningunha delas.

Foi creado pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, e regulado no Real Decreto Legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto sobre Actividades Económicas. Comezou a esixirse en todo o territorio nacional o 1 de xaneiro de 1992.

As deputacións provinciais poden establecer un recargo sobre este imposto. Este recargo esixíraselles aos mesmos suxeitos pasivos e nos mesmos casos contemplados na normativa

reguladora do imposto e consistirá nunha porcentaxe única que recaerá sobre as cotas municipais modificadas pola aplicación dun coeficiente de ponderación (artigo 86 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais). O tipo non poderá ser superior ao 40%.

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica: é un imposto de ámbito municipal e directo que grava a titularidade dos vehículos de esta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase ou categoría.

Foi creado pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: é un imposto de ámbito municipal e directo que grava o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se pon de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos terreos.

Foi creado pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Imposto sobre construcións, instalacións e obras: é un imposto de ámbito municipal e indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, independentemente de que se obtivese dita licenza ou non, ou para a que se esixa prestación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

Foi creado pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e modificada pola Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Recollida da información

A información recompilada está tomada de diferentes fontes de orixe:

- A información dos tributos recadados polo Estado en Galicia procede da base de datos económicos do sector público español (BADESPE) que o Instituto de Estudos Fiscales, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ten dispoñible na súa páxina web: <http://www.estadief.meh.es>

Os datos desta base proceden dos “Informes Anuales de Recaudación Tributaria” da Agencia Estatal de la Administración Tributaria do Estado (AEAT).

Ademais, como fonte complementaria, tamén son utilizados os ditos informes anuais da AEAT, e os mensuais.

- No caso dos ingresos tributarios da comunidade autónoma, os datos proceden dos estados de execución dos orzamentos de ingresos da Xunta e dos seus organismos autónomos, facilitados pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, da Consellería de Facenda.
- En canto aos ingresos tributarios da administración local utilizáronse as liquidacións de orzamentos das entidades locais publicadas na páxina web do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

3. Presentación de resultados

Os datos anuais de recadación de tributos difundidos son clasificados por:

Tipo de administración:

- Recadación tributaria do Estado en Galicia.
- Ingresos tributarios da comunidade autónoma.
- Ingresos tributarios da administración local.

Características xeográficas: considérase unha desagregación nas catro provincias galegas. Nos tributos propios e nos cedidos e xestionados pola comunidade tamén se inclúen os datos de ingresos con orixe provincial descoñecida ou que son xestionados directamente polos servizos centrais da administración e que, polo tanto, non poden ser asignados a ningunha provincia de orixe.

Capítulos orzamentarios: atendendo á clasificación económica dos ingresos en capítulos orzamentarios:

- I. Impostos directos.
- II. Impostos indirectos.
- III. Taxas e outros ingresos.

Ademais, e como complemento á información subministrada sobre os ingresos tributarios da comunidade autónoma, recóllense os ingresos da comunidade por prezos públicos e privados, aínda que non teñan carácter tributario.